



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



II Premio Literario Descubrindo Oleiros

BASES

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca o II Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio.

1. Participantes

Poderán concorrer a este premio todos os rapaces e rapazas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de ESO empadroados/as no Concello de Oleiros e sempre que os relatos que presenten se axusten ao especificado nestas bases.

Establécense catro categorías atendendo ao curso ao que pertenza cada participante:

- Categoría 1: 3º e 4º de primaria
- Categoría 2: 5º e 6º de primaria
- Categoría 3: 1º e 2º de ESO
- Categoría 4: 3º e 4º de ESO

2. Obras: temática e formato

Os relatos estarán ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega, serán inéditos, que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentos de fallo noutros premios. Presentaranse co título orixinal e un pseudónimo, sen ningún dato que revele a identidade do autor ou autora.

Os textos que concorran ao concurso presentaranse manuscritos ou mecanografados, perfectamente lexibles, escritos nunha soa cara e cunha extensión de 1 a 3 páxinas A4, Arial 12, a dobre espazo, que poderán partir ou ir acompañados de fotografías, debuxos, ilustracións ou calquera imaxe do Concello que poida ser suxerinte para o autor ou autora.

3. Documentación que se debe presentar

Os traballos presentaranse nun sobre grande co título do relato, no interior ademais do texto incluírase un sobre pequeno dentro pechado, que só teña escrito o título da obra por fóra, dentro conterá unha breve nota biográfica (onde vaia recollido o nome, apelidos, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, curso e centro educativo ao que pertence) e a fotocopia do documento acreditativo de identidade (fotocopia do DNI, pasaporte ou documento oficial de identidade equivalente).

4. Lugar e prazo de presentación

A obra acompañada polo sobre presentarase en cada centro ou dirixirse ao



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros (A Fábrica, rúa do Inglés, nº 13, 15172, Perillo, Oleiros).

O prazo de presentación de obras será do 1 ao 30 de novembro de 2015.

5. Constitución do xurado e fallo

O xurado estará formado por persoal do Concello relacionado coa cultura, a literatura e a lingua e poderán contar co apoio de persoas especializadas. O seu fallo será inapelable e farase público antes de finalizar este ano.

O xurado resérvase o dereito a declarar deserto calquera dos premios, así como conceder algún accésit en caso de empate.

6. Premio

Outorgarase un premio por cada categoría. Os premios que se concederán serán unha cámara de fotos para as categorías 1 e 2 e un lector de libros electrónicos para as categorías 3 e 4.

Os traballos presentados quedarán en propiedade da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística para a súa posible publicación, citando sempre a autoría de cada un deles.

7. Aceptación das bases

A presentación a este concurso literario supón a aceptación das presentes bases.